



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 99-2024

XV CAMPIONATOS XUNTA DE GALICIA DE MILLA E 1 KM EN RUTA

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o sábado 1 de xuño en Lourenzá, os Campionatos Xunta de Galicia de Milla e 1 km en ruta, co patrocinio do Concello de Lourenzá e a colaboración do club Escolas Deportivas Lourenzá.

Art.2).- Poderán intervenir atletas que teñan ficha en vigor pola FGA na tempada actual.

- **No caso de ter que limitar a participación, admitiranse por orde de mellor marca realizada dende o 1 de xaneiro de 2023 nas probas detalladas a continuación para cada unha das distancias:**
 - **Para o 1 km → 1000 m e 1 km**
 - **Para a Milla → 1500m e milla en ruta/pista**
 - ❖ **De carecer algún atleta de marca nas probas sinaladas, a dirección técnica terá a potestade de valorar aquelas que considere oportuno.**

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 27 de maio de 2024.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase na porta do Concello de Lourenzá, dende as 15:00 horas ata 30' antes do inicio da proba. <https://maps.app.goo.gl/8zYLmP1SDZT4UitT6>
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.



Art.6).- Horario:

CÁMARA DE CHAMADAS		HORA	PROBA	CATEGORÍA
APERTURA	PECHE			
16:25	16:35	16:45	1 km	Sub 10 masculino e feminino
16:35	16:45	16:55	1 km	Sub 12 feminino
16:45	16:55	17:05	1 km	Sub 12 masculino
16:55	17:05	17:15	1 km	Sub 14 feminino
17:05	17:15	17:25	1 km	Sub 14 masculino
17:15	17:25	17:35	1 km	Sub 16 masculino e feminino
17:50 - ENTREGA DE PREMIOS - 1 KM EN RUTA				
17:50	18:00	18:10	Milla	M45 e M50
18:05	18:15	18:25	Milla	M50 en diante
18:40	18:50	19:00	Milla	Absoluta, Sub 23, Sub 20, Sub 18 e Máster feminina
18:55	19:05	19:15	Milla	Absoluta, Sub 23, Sub 20 e Sub 18 masculina
19:45 - ENTREGA DE PREMIOS - MILLA EN RUTA				

Art.7).- Premios:

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados absolutos, dende categoría Sub 10 ata Sub 23, e de tódalas categorías Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 13 de maio de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo